

BUSCANDO AS ÁS

Desde a súa creación, o Premio Espiral Maior de Poesía -para menores de 35 anos sen obra publicada- vén sendo un foro aberto ás distintas tendencias estéticas de poetas tan diversos como Rafa Lema, Martín Veiga, Paco Souto, Cristina Cabada, Anxos Romeo ou Emma Couceiro, a última gañadora, que deixa *Humidosas* nas nosas mans de lectores como quen presenta a súa tarxeta de visita e se fai coñecer.

Poemario de grande unidade temática e tonal, *Humidosas* recrea un mundo opresivo e caótico, unha casa *de mentiras* que encerra ó eu poético como a crisálida, freando a evolución propia dun ser que medra e se desentende desa pel infantil xa pequena para contelo. Obrigado a vivir en estancias baleiras, pechadas, claustrofóbicas, o eu enuncia en voz alta a verdade contrapoiando a súa percepción verídica ós enganos que as *cerradoras* tecen ó seu redor. A mentira destes entes, negativos xa desde o seu propio nome, vaise expandendo como as manchas de humidade e acurta cada vez máis as dimensións en que o eu poético se move:

*As cerradoras
omitían cada vez máis tempo
un tempo falso na memoria.
Durmían baixo cunchas pigmentadas de ceo*

de amor pechadas.

*Eran esperadoras
como quen agarda sempre sempre
unha cor na que naufraga.*

A figura da nena que foi exerce un peso desmesurado sobre a muller actual pois esa é a imaxe que se lle impón: a dun ser que non medrará nunca, que seguirá inerte nos cuartos humedecidos pola mentira. Mais, perante o estancamento letal na infancia a que se ve abocado, o eu poético constrúe un mundo propio, pequeno e fráxil, onde triunfa a verdade, forza defensiva contra os engados das *cerradoras*:

*Este mundo
quedou fóra do que agora se derruba,
aínda que me pintes o cuarto
de ceo
porque é triste
por máis que me chames nena*

A humidade é recorrente nos versos e aseméllase á tristeza que se mete nos ósos e lacera como unha invasión lenta e progresiva de mudos e fugaces caracois. Movéndose continuamente nunha permanencia absoluta na súa cuncha, o eu poético chega a ver nesas manchas de auga -que se estenden polas paredes colonizándoo todo- o rastro doutras nenas momificadas no novelo da falisidade:

*Son como outras nenas;
aprendín a xogar con elas
(...)*

*Coustoume noites de tellados
espiando as súas formas,
ocupaban espacio e, cos anos,
medrarían desmesuradas repetindo
nunca.*

Mentres o eu poético loita contra os intentos das *encerradoras* de inocularlle o virus da eterna infancia, facéndoa enfermar co complexo de Peter Pan, outros seres, os *agardadores*, esperan a súa liberación para percorrer xuntos o camiño da madurez:

*Vexo camiño cheo de agardadores por min
recheo de agardadores pacientes por min
agardadores serenos en ollos e corpo.*

*Pero non chego
pois resulto tarde
porque esperto tarde para lamentar serena
para que me agarden serenos lamentando noites.*

Sen embargo, o ser sabe que a verdadeira esperanza no pode proceder do exterior senón da súa propia forza interna pois, como a eiruga, debe crear o seu casulo rexenerante, ennovelarse nesa tea feita coa súa pel e gañar o dereito a que lle medren as ás de bolboreta:

*Aniñando
decido se o soño todo,
se soño o papel do centro e a voz do centro coa roupa
dun século de museo e antigüidade
que ulía sempre como a terra mollada,
húmida*

TERESA SEARA
A Xanela, 4, outono 1997, p. 8.

